



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 20 DE FEBREIRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte de febreiro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de febreiro de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de febreiro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Convocatoria de subvencións e axudas públicas da excma. Deputación provincial da Coruña, programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018 (Boletín Oficial da Provincia número 33, do 16 de febreiro de 2018).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Convocatoria de subvencións e axudas públicas da excma. Deputación provincial da Coruña, programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2018 (FO221/2018). (Boletín Oficial da Provincia número 33, do 16 de febreiro de 2018).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 ao 15 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 334/2018 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 372/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
334/2018	09/02/2018	Conceder a axuda 2 recibos de luz por importes de 84,06 e 78,43 euros. Solicitante: JFBP
335/2018	09/02/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o vindeiro mércores día 14 de febreiro de 2018
336/2018	09/02/2018	Conceder as autorizacións para o exercicio da venda ambulante durante a celebración do entroido os días 12 e 13 de febreiro. Solicitantes: SMP e MVC
337/2018	09/02/2018	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 15 de febreiro de 2018
338/2018	09/02/2018	Recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado nº 0000013/2018 interposto por GN, SUR SDG, S.A. contra o Concello de Cambre
339/2018	09/02/2018	Solicitud de subvención ao amparo da convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico en xestión cultural e /ou animación sociocultural, ano 2018
340/2018	09/02/2018	Aprobación lista de admitidos escolas de actividades físicas 2018
341/2018	12/02/2018	Declarar a renuncia da licenza de apertura núm. 04/31/95 para a actividade de taller de reparación de vehículos na Xira, parroquia de Sigrás, Cambre. Solicitante: TLYM, S.L.
342/2018	12/02/2018	Conceder a licenza de apertura para a actividade de reparación de radiadores de automoción na nave sita na rúa Daimler, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre, Cambre. Solicitante: M ^a CGI
343/2018	12/02/2018	Conceder a axuda recibo luz por importe de 64,83 euros. Solicitante: MCJS
344/2018	12/02/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 450 euros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Solicitante: HMHO
345/2018	12/02/2018	Conceder a axuda recibos aluguer por importe total de 600 euros, recibo de auga por importe de 45,41 euros e recibos de luz por importe total de 190,71 euros. Solicitante: MIRG
346/2018	12/02/2018	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos para a selección dun administrativo de administración xeral interino
347/2018	12/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DDF
348/2018	12/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EOC
349/2018	12/02/2018	Denegar a axuda de alimentación, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MCF
350/2018	12/02/2018	Denegar a axuda alimentación por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: CERM
351/2018	12/02/2018	Denegar a axuda alimentación dado que non se cumpre o establecido no artigo 2, o saldo medio de aforro é superior ao establecido na ordenanza. Solicitante: LGM
352/2018	12/02/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MAR
353/2018	12/02/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: IBS
354/2018	12/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: HHO
355/2018	12/02/2018	Denegar recibo auga por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: JCP
356/2018	12/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCJS
357/2018	12/02/2018	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ADR
358/2018	12/02/2018	Autorización para a apertura urna sinalada coa letra A, no panteón perimetral nº 114, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona DRO, falecida o día 8 de xaneiro de 2018
359/2018	12/02/2018	Aprobación festas infantís Entroido 2018
360/2018	14/02/2018	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 380 euros, recibo de luz por importe de 83,95 euros e recibo de auga por importe de 73,05 euros. Solicitante: AJUM



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

361/2018	14/02/2018	Aprobación da actividade III Romaría Galaico Romana "GALAICOI"
362/2018	14/02/2018	Aprobar as liquidacións act. deportivas mes de xaneiro por un importe total de 3304.3 euros
363/2018	14/02/2018	Expediente de orde de execución 2017/I002/000091 por estado de finca sita no Retiro, Meixigo, Cambre
364/2018	14/02/2018	Expediente de reposición legalidade urbanística 2018/I002/000005 por realización de actividade de depósito de material de construción sen presentar comunicación previa en finca sita en Aian, Sigrás
365/2018	14/02/2018	Expediente de reposición da legalidade urbanística 2018/I002/000011 por colocación de portal en finca sita no Monte, Bribes sen licenza ou comunicación previa presentada. Propiedade: MFLS
366/2018	14/02/2018	Conceder a licenza de apertura para o garaxe da dita comunidade. Solicitante: c de p. Otero Pedraio 15-17
367/2018	14/02/2018	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 4 de 2018 por importe de 11173,70 euros. Reforma local social de Lendoiro.
368/2018	15/02/2018	Expediente de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2017 núm. 3/2018, por importe de 187.444,71 euros
369/2018	15/02/2018	Expediente sancionador de tráfico DR 4395 A 12
370/2018	15/02/2018	Autorización ao titular da licenza de taxi número 13 para reempresar o vehículo
371/2018	15/02/2018	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
372/2018	15/02/2018	Subvención para a contratación dun técnico/a de orientación laboral do SPEG 2018

4º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Realizou a presentación da feira de ciencia I Open Science, que terá lugar en Cambre, realizada en colaboración co instituto David Buján durante os días 15 e 16 de setembro.
- Acudiu acompañado da concelleira de Educación, María Jesús Gómez González a unha reunión con Indalecio Cabana, xefe territorial de Educación na Coruña, para tratar as necesarias reparacións dos CEIPS situados no termo municipal.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Acompañado do concelleiro Juan Evaristo Rodríguez, mantivo unha reunión con Perfecto Rodríguez, xerente do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar na que se falou sobre a posibilidade de habilitar un centro de día en Cambre.
- Acudiu a esta alcaldía o delegado de Defensa na Coruña, Juan Carlos Sancha, para pedir o noso apoio nunha campaña de recrutamento.
- Persoal da empresa Movistar, infórmoulle das previsións de despregamento de fibra óptica no termo municipal.

Dona María Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo unha reunión co presidente e co secretario da Asociación Cultural e Ocio San Antonio de Anceis "Acoa", onde entre outras cousas, se solicitaron varias demandas.
- Acudiu o concurso de filloas e orelas, no salón de Plenos do Concello, resultando ganadora, no de orelas Dolores Insua, da 3 Idade da Barcala, e de filloas Nieves Louro.
- Sábado día 17, asistiu ao entroido de Cambre, a continuación, no salón de Plenos do Concello, participou na recepción das cantantes Azúcar Moreno.
- Domingo día 18, asistiu na carpa do campo da feria de Cambre ao remate da festa do entroido, ás 13 horas, o cortexo fúnebre secundado por música de charanga e comitiva funeraria desprazouse a pé, ata o río Mero, onde se deu por rematada a festa entroido pequeno, arroxando o meco ao río.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta do seguinte asunto:

- O venres, día 16, mantivo unha reunión co alcalde, persoal de Servizos Sociais e responsables de Caixabank, en relación coa problemática xurdida a raíz dos impagos.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 16 mantivo unha reunión coa edil de Ciudadanos M^a José García Hidalgo, para falar dunha proposta relativa á posta en marcha no municipio de Cambre dun mercado de segunda man entre particulares.
- O día 16 ás 13:41 realizou a presentación telemática na Sede XUNTA da subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral (Orde 19/01/2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria. DOG nº 28 de 08/02/2018).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- O día 17 sábado ás 20.00 horas, asistiu na Alcaldía á sinatura no libro de honor do Concello de Cambre do grupo musical Azúcar-Moreno, participantes no entroido pequeno.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Sábado 17 febreiro celebrouse o entroido pequeno no que participaron máis de 30 carrozas e comparsas.

- Domingo 18 febreiro celebrouse o enterro da sardiña.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Declaración de deserto do expediente de contratación do servizo de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre, con motivo da festa tradicional do "Entroido Pequeno en Cambre, 2018". Expediente: 2018/C006/000002

- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa "Demoliciones Noroeste, S.L.", adxudicataria da obra denominada "Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre-Temple, nº 12 e 14. Cambre". Expediente 2017/C002/000031

- Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada, do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán no ano 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. Expediente: 2018/C004/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A) Declaración de deserto do expediente de contratación do servizo de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre, con motivo da festa tradicional do "Entroido Pequeno en Cambre, 2018". Expediente: 2018/C006/000002

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente incoado co número 2018/C006/000002, para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, do servizo de instalación e explotación dun posto de bebidas,



bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre, con motivo da festa tradicional do "Entroido Pequeño en Cambre, 2018".

Visto que, coa dato do 6 de febreiro de 2018 a técnica de xestión de Administración xeral emitiu informe no que indicaba que , publicados os correspondentes anuncios de licitación na prensa, páxina web municipal e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, non se presentou ningunha proposición dentro do prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 5 de febreiro de 2018 ás 13:30 horas, o que se comunicaba ao Departamento de Cultura municipal, para os efectos previstos na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador da licitación, que establece que "*Se non se presentasen ofertas, negociárase o prezo coas personas que se atopen interesadas*".

Visto que con data do 9 de febreiro de 2018, emitiuse informe pola dinamizadora cultural, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas e mais do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, no que se indicaba que non se conta con ningún empresario interesado na licitación, polo que se propón o arquivo do expediente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 15 de febreiro do actual, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 151.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade, data 16 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o procedemento negociado sen publicidade incoado para adjudicar o servizo de instalación e explotación dun posto de bebidas, bocadillos e outros produtos comestibles no Campo da Feira de Cambre, con motivo da festa tradicional do "Entroido Pequeño en Cambre, 2018".

Segundo: En consecuencia co anterior, proceder ao arquivo do expediente na plataforma de Administración electrónica TEDeC.

Terceiro : Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, con publicación simultánea no Perfil de Contratante de Cambre, e notificar ao Departamento de Cultura, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

B) Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.”, adxudicataria da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre–Temple, nº 12 e 14. Cambre”. Expediente 2017/C002/000031

Vista a proposta de Alcaldía de data 19 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C002/000031 para a adxudicación, por contratación menor, da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre “, que foi adxudicada á empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.”, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2017.

Visto que, con data do 14 de febreiro actual e nº de Rexistro de Entrada 04/216, a entidade adxudicataria presentou o Plan de Seguridade e Saúde, así como o informe favorable emitido o 12 de xaneiro actual pola coordinadora de seguridade e saúde, dona Laura López Santiago, da empresa “Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste S.L.U”, á que se lle adxudicou a realización da coordinación de seguridade e saúde segundo “vale de pedido” nº 00789 de data 19 de xaneiro de 2018.

Visto o informe favorable asinado con data do 14 de febreiro actual, polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen foi designado como director da obra, e responsable do contrato, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2017.

Visto o establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción,

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 19 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa “Demoliciones Noroeste, S.L.”, para a execución da obra denominada “Demolición de dúas edificacións compostas por planta baixa e planta alta, e anexos na estrada Cambre – Temple, nº 12 e 14. Cambre”

Segundo: Notifíquese á empresa adxudicataria e á coordinadora de seguridade e saúde, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei,



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro : Notificar ao director de obra e responsable de contrato, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada, do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán no ano 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. Expediente: 2018/C004/000001

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de Cultura e Educación municipal , e máis coa conformidade do Concelleiro-delegado de Xuventude, Turismo e Patrimonio, achegou con data do 19 de xaneiro actual unha proposta, complementada cun informe posterior do coordinador da área de data 16 de febreiro de 2018, para a iniciar a contratación do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán no ano 2018 (prorrogables ao ano 2019), por un importe total máximo anual de 48.400,00 IVE incluído, achegando á proposta o prego de prescricións técnicas que rexerán a prestación do servizo.

Existe consignación orzamentaria na aplicación “337.22610 Programas Xuventude” do ano 2018, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, por un importe máximo de 48.400,00 euros, debendo comprometerse o Concello a consignar a cantidade que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Consta , ademais, no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 19 de febreiro actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.



Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio de data 20 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adjudicación, do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán no ano 2018 (prorrogable ao 2019) promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre, expediente cuio obxecto divídese en dous lotes , e que ten un importe máximo anual de 48.400,00 euros , IVE incluído, (prezo sen IVE : 44.000,0 euros), e un valor estimado de 96.800,00 euros), isto en aplicación do establecido nos arts. arts.138 e 157 a 161 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo (exp. nº SIGM 2018/C004/000001).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación 337.22610, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo do contrato, considerando a súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado e publicar o correspondente anuncio de licitación no BOP, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, e máis na Plataforma de Contratos de Galicia, de conformidade co disposto polos artigos 142 e 53 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, publicando, ademais, un anuncio indicativo nun dos diarios de maior tiraxe na Comunidade Autónoma de Galicia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia